

PLAN ANUAL DA COOPERACIÓN GALEGA
PARA O DESENVOLVEMENTO 2006

Polo dereito ó desenvolvemento

Por unha Cooperación Galega transformadora

ÍNDICE

	<u>Páx.</u>
1. INTRODUCCIÓN	3
2. OBXECTIVOS DO PLAN ANUAL 2006.....	5
2.1. Sensibilización: Interiorización da Responsabilidade	6
2.2. Fortalecemento: Apoio ó tecido e crecemento institucional	9
2.3. Comercio Xusto e Consumo Responsable: Análise e Impulso	10
3. UN NOVO MARCO INSTITUCIONAL.....	12
4. MEDIOS DE ACTUACIÓN	13
4.1. Convocatoria de axudas a proxectos de ONGDs no exterior	14
4.2. Convocatoria de axudas a proxectos de universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos e comunidades galegas no exterior	15
4.3. Convocatoria de axudas para actividades formativas e de sensibilización	17
4.4. Convocatoria de axudas para consolidación e fortalecemento de ONGDs	18
4.5. Crises e Conflictos Esquecidos	19
4.6. Cooperación Directa: Convenios, Plan Operativo Xunta AECI e Bolsas	19
5. ORZAMENTO.....	22

1.- INTRODUCCIÓN

O Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2006, constitúe o primeiro dos que teñen que levar á práctica o I Plan Director da Cooperación para o Desenvolvemento que se desenvolverá dende Galicia. Con él, baixase ó nivel operativo, dende os obxectivos estratéxicos contidos no devandito Plan Director, e concretanse os compromisos do orzamento 2006.

Tanto os Plans Directores coma os Plans Anuais, son documentos que se enmarcan normativamente na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de Cooperación para o Desenvolvemento. Dende a perspectiva da norma e do propio Plan, e dende a Xunta de Galicia, asúmese a loita contra a pobreza, entendida nun senso amplo, coma a Misión cara a que se deberían enfocar os esforzos: *"a sociedade galega quere poñer a disposición dos pobos máis pobres do Planeta o que constitúe a súa experiencia histórica, os seus valores e a súa cultura, os seus activos e recursos, para combater a pobreza e promover o desenvolvemento integral, humano e sostible"*.


Todo isto, implicanos directamente co compromiso da comunidade internacional na consecución dos 8 Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio acordados polas Nacións Unidas no ano 2000. Así, para que o noso traballo teña un impacto real e sostible, debemos ter en conta, na planificación e na xestión, as recomendacións do CAD (OCDE) e das propias Nacións Unidas no que a harmonización das prácticas dos países desenvolvidos se refire.

O Plan Director 2006-2009 é a expresión do proceso de planificación, a través do cal, non só se confirman e desenvolven os principios, prioridades e obxectivos xenéricos definidos na Lei 3/2003, senón que tamén se formulan os obxectivos estratéxicos e as prioridades da Cooperación Galega para os próximos catro anos. Os plans anuais, serven de ferramenta de concreción do Plan Director, a través da axeitada secuencia das súas tarefas, e ademais, convértense en instrumento apto para o seguimento da política de axuda, co fin de detectar e analizar os incumprimentos ou as desviacións habidas no proceso, ben por cambios

no entorno, ou ben por cambios de criterios no seo do sistema de axuda. Ambos documentos, deben serviros para mellorar o nivel de calidade e a eficacia da Cooperación Galega.

Conforme ó descrito, a implantación do Plan Director concrétase en exercicios anuais de planificación ó longo do seu período de vixencia, cun exercicio de análise, de avaliación intermedia, e outro de avaliación final:

Gráfico: Ciclo simple de planificación



2.- OBXECTIVOS DO PLAN ANUAL 2006: DO ESTRATÉXICO Ó ESPECÍFICO

O Plan Anual 2006 debe entenderse dende a Misión anteriormente mencionada, e contida no Plan Director, de identificar e poñer os activos e recursos propios da sociedade galega a disposición dos países empobrecidos para promover o seu desenvolvemento económico e social. De acordo con este punto de partida, o Plan Director define unha opción de traballo e un modelo de cooperación axeitado ás fortalezas e debilidades da cooperación galega.

A opción de traballo artículase arredor dos 8 obxectivos estratéxicos definidos no Plan Director, que aquí lembramos:

- Obxectivo 1. Realizar unha política activa e integral de fomento do coñecemento das desigualdades do mundo, de sensibilización da poboación galega para a súa superación e de educación para o desenvolvemento.
- Obxectivo 2. Fortalecemento de todos os actores do sistema galego de cooperación. Procura da integración e o traballo conxunto.
- Obxectivo 3. Mellora da calidade técnica e operativa do sector. Orientación cara o cumprimento de obxectivos.
- Obxectivo 4. Ampliación e ordenación dos instrumentos da Cooperación Galega.
- Obxectivo 5. Implicación e procura de sinerxias cos sectores galegos con experiencia de valor para a cooperación.
- Obxectivo 6. Fomento do comercio xusto e o consumo responsable.
- Obxectivo 7. Elaborar estratexias para as prioridades da cooperación galega

O traballo a desenvolver no 2006, estará enmarcado nestes 8 obxectivos, aínda que se incidirá especialmente no primeiro, no segundo e no sexto, tal e como se desenvolve de seguido:

2.1- Sensibilización: Interiorización da Responsabilidade

Respecto ó primeiro deles, a iniciativa da Cooperación Galega, debe residir maiormente na súa sociedade e polo tanto tamén no goberno que ela representa; así, o traballo institucional tratará de impulsar e canalizar ditas iniciativas. Pero para que o traballo sexa frutífero, temos por diante conseguir a **interiorización da responsabilidade** que as sociedades desenvolvidas teñen sobre a situación de empobrecemento dos países menos adiantados.

Sendo conscientes de que a **sensibilización, como a educación**, son *per se* obxectivos permanentes, así como o punto de partida de todo ámbito no que se queira traballar; tamén é constatable o valioso esforzo que todos os axentes da cooperación fan neste senso. Pero aínda temos moito que acadar, por iso, hai que romper barreiras, chegar ós sectores da poboación menos informados; transmitir a idea de solidariedade non dende o punto de vista de xenerosidade, senón dende o punto de vista da obriga e da responsabilidade; incidindo sobre as causas da pobreza para lograr o entendemento da absoluta necesidade de actuacións.

Empezaremos por incidir neste primeiro obxectivo estratéxico, a través dos obxectivos específicos descritos no Plan Director, e dentro dos cales, durante este ano 2006, realizaremos as seguintes accións:

- A creación dun **Plan de Comunicación**: no que se establecerán as bases do traballo plurianual dende os principios e obxectivos da cooperación galega, a través das “ideas forza”, nas accións de comunicación financiadas pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior directa ou indirectamente a través e de acordo cos axentes implicados.

Entre estes principios, destacarán especialmente as ideas de ilusión, ledicia, o traballo conxunto da xente loitando polos seus dereitos, a loita pola xustiza e a denuncia das causas da pobreza, así como a continua invitación ó traballo conxunto cos outros actores sociais implicados nesta tarefa e á sociedade galega no seu conxunto.

A actuación da Cooperación Galega ten que fomentar tamén a implicación da cidadanía nos proxectos. Non se trata só de financiar actuacións concretas, senón de seguir o exemplo dos moitos millóns de persoas que loitan contra a pobreza e reclaman os seus dereitos. Farase dende a cercanía e aproveitando a experiencia galega en sectores como a pesca ou o desenvolvemento rural. Esta tarefa non é nova para o pobo galego, o cal, a través da emigración conta xa cunha relevante traxectoria de cooperación con outros pobos.

Rexeitaranse as visións que incidan na dependencia dos pobos receptores da colaboración, así como as mensaxes centradas na mágoa, a caridade, a falsa solidariedade e os donativos puntuais que non atenden á erradicación das causas da pobreza.

Dacordo con estes principios, definiráse de inmediato unha **nova imaxe corporativa** “Cooperación Galega”, que identificará a actuación de calquera departamento da Xunta de Galicia en cooperación para o desenvolvemento.

Estas “ideas forza” recollerán criterios e sectores transversais da Cooperación para o Desenvolvemento, para incidir na necesidade de actuación a través de diferentes tipos de mensaxes traídas da experiencia real:

- Infancia e Desenvolvemento (Dereitos dos Nenos e das Nenas)
- Muller e Desenvolvemento (Igualdade, “empoderamento”)
- Saúde e Desenvolvemento (Dereito a Vida)
- Educación e Desenvolvemento (Igualdade de Oportunidades)
- Traballo e Desenvolvemento (Dereito a unha Vida Digna)
- Medio Ambiente e Desenvolvemento (Sostibilidade)

Aproveitaranse as celebracións dos días internacionais conmemorativos para comunicar a incidencia de diferentes tipos de proxectos de cooperación nos temas de referencia: (8) marzo-muller; (7) abril-saúde; (25) maio-África; (20) xuño-refuxiados; xullo- auga; (9) agosto-pobos indíxenas

Unha vez definido e consensuado este plan, preténdese realizar ó longo do 2006, ademais da presenza continua en medios de comunicación, **tres campañas de comunicación específicas**: unha directamente dende a Dirección Xeral, e outras dúas a través da Coordinadora Galega de ONGD e do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, cada un deles cun enfoque axeitado ao tipo de público ao que se dirixen.

► Creación da **páxina web**: a rede como plataforma de intercambio, de xestión, de participación, etc. e na que se introducirán todas as accións de cooperación realizadas polas galegas e galegos a través da Xunta de Galicia, con vocación de estar aberta ó resto dos axentes de cooperación galega.

► **Información da Sociedade**: a realización dunha enquisa sobre o coñecemento e apoio á cooperación galega, como base de avaliación e detección de puntos febles nas accións de comunicación realizadas polos axentes da cooperación galega, así como punto de partida para avaliar anualmente o impacto das accións de comunicación desenvolvidas.

► **Liñas Básicas Educativas**: o fomento dunha educación para o desenvolvemento normalizada e estable; no marco do desenvolvemento da nova Lei de Educación, e en diálogo cos actores da axuda e coas institucións implicadas, especialmente Consellería de Educación; queremos levar a cabo accións específicas neste ámbito, asegurando que chega dun xeito estable e organizado e non meramente puntual e disperso, e que todas as educadoras e educadores galegos dispoñan das ferramentas homologadas e necesarias para levala a cabo. Sería necesario incluír nas curricula escolares, os contidos consensuados sobre as causas da pobreza e a necesidade de actuación; dar un salto cualitativo dende as campañas de concienciación, á interiorización e a aprendizaxe, (aínda que as primeiras teñan que seguirse utilizando como ferramenta de apoio).

2.2- Fortalecemento: Apoio ó tecido e crecemento institucional

En referencia o segundo obxectivo estratéxico, establecido como prioritario para este ano 2006, debemos recoñecer que as debilidades afectan a todos: Administracións autonómica e local, ONGDs, universidades, sindicatos e empresas, polo que as medidas de **apoio ó fortalecemento** deberán acadar a todos os actores do sistema de axuda. Un tecido forte, comunicado e coordinado, axudaría a unha maior consecución do obxectivo anterior (sensibilización e educación) e por suposto, axudaría tamén o mellor e maior impacto das iniciativas de cooperación. O sistema de cooperación autonómica e local, é especialmente propicio, para impulsar iniciativas que favorezan a integración de diversos actores nun mesmo ámbito de cooperación. Establecemos para este período as seguintes accións:

► **A coordinación e a comunicación institucional:** respetando a obriga de coordinación das accións de Cooperación para o Desenvolvemento na Dirección Xeral de Cooperación Exterior, tal e como recoñece a Lei Galega e o Decreto de referencia; incrementaremos a comunicación interdepartamental dentro da Administración Autonómica, incidindo nos sectores prioritarios recollidos como tal no Plan Director, mantendo reunións periódicas nos temas que atinxen a: pesca, medio ambiente, educación e desenvolvemento rural.

► **Proceso Completo:** o impulso da convocatoria de consolidación e fortalecemento a ONGDs, concretarase tanto en medios económicos, como no aseguramento de que cumpre o seu obxectivo de que as ONGDs subvencionadas, e os consorcios das mesmas, completen o ciclo de proxecto (identificación, xestión, seguimento e avaliación) en Galicia. Asemade apoiárase o labor da Coordinadora Galega de ONGDs, especialmente na elaboración e posta en marcha do seu plan estratéxico.

► **Sinerxias:** desenvolverase alomenos, unha iniciativa conxunta co FOGACOSOL, no eido da sensibilización, sempre hai que ter en conta que as Administracións Locais son as máis cercanas a cidadanía; e outro no eido dos

proxectos de desenvolvemento local nos países do Sur. Pretendemos con isto, mostrar tamén o noso compromiso coas sinerxias no traballo.

► **Iniciativa Universitaria:** elaborárase un estudo sobre as iniciativas de solidariedade realizadas dende as universidades galegas, como un primeiro paso para a sistematización das mesmas, tendo en conta o importante papel que desenvolven na transferencia de coñecementos e tecnoloxía, para aumentar a súa participación organizada e estruturada na cooperación cos países en desenvolvemento, co obxecto de deseñar unha estratexia común para as tres universidades galegas, que evite duplicidades de esforzos e fomente o traballo conxunto.

Manterase a realización da Memoria Anual da Cooperación Galega, na que se dará conta dos recursos, accións e resultados, derivados da implicación do conxunto de institucións públicas e actores galegos, nas tarefas de cooperación para o desenvolvemento.

2.3- Comercio Xusto e Consumo Responsable: Análise e Impulso

En referencia o sexto obxectivo estratéxico definido no Plan Director 2006-2009, se apoiarán as iniciativas de **Comercio Xusto e Consumo Responsable**; Galicia está lonxe da implantación do Comercio Xusto coma unha alternativa real de mercado, non por falta de esforzos por parte dalgunhas ONGDs, tanto como por unha falta de apoio por parte das institucións e das empresas. O labor de sensibilización neste punto, considérase sustancial á hora de conquistar a verdadeira interiorización da responsabilidade á que antes aludimos, nas sociedades de consumo, a suma de accións individuais constitúe unha verdadeira capacidade de presión. Dende as institucións, e dende as posibilidades de actuación da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, pretendemos estudar as posibilidades de discriminación positiva das empresas que introduzan criterios de Responsabilidade Social Corporativa, Códigos Éticos e Transparencia á hora de traballar ou actuar coa Administración; as empresas, como actores fundamentais do intercambio económico, teñen a responsabilidade de asumir o control integral dos procesos que nutren as súas actividades, de nada vale respetar os dereitos e as normas

autonómicas, estatais e incluso comunitarias, se se descontrolan os procesos produtivos, a distribución, e/ou os intermediarios dende a súa orixe; a vida, a dignidade, en definitiva, ditos dereitos son os mesmos aquí que no resto do mundo; non cabe por tanto un respecto parcial dos mesmos. Sendo conscientes da enormidade do obxectivo, consideramos importante, comenzar polas seguintes accións:

► **Plan de Implantación:** Elaborarase o estudio inicial de acordo cos axentes implicados, (e especialmente coas distintas empresas galegas que traballan neste eido: tendas particulares, cooperativas de consumo, agricultura ecolóxica...) que permita desenvolver, comenzando neste ano 2006, o Plan Estratéxico que resulte do mesmo. Este Plan xustifícase na fundamental necesidade de involucrar o sector empresarial galego, e darános as pautas para intentalo.

► **Difusión:** Apoiarase a realización de campañas publicitarias específicas, que impulsen a difusión da realidade, características e obxectivos do comercio xusto e o consumo responsable.

► **Comenzar por un mesmo:** Perseguido a coherencia interna, fomentarse a difusión e consumo de produtos de comercio xusto nas distintas institucións públicas galegas. Asemade analizarase a posibilidade de implantar os criterios de compra e investimento éticos na política de compras da Xunta de Galicia.

3.- UN NOVO MARCO INSTITUCIONAL

Como anteriormente referíamos, a creación dunha **Dirección Xeral de Cooperación Exterior**, supón un significativo avance, acorde co cambio político na nosa Comunidade Autónoma. A inclusión da **Cooperación como política transversal da acción do goberno galego**, conxuntamente co impulso orzamentario que se pretende, dará lugar a unha maior e mellor incidencia nas actuacións, na que todos os axentes temos que comprometernos.

Para facer posible a boa xestión dos cambios introducidos, ó longo deste ano 2006 será necesario adaptar as ferramentas existentes, e crear outras novas. No tocante ó marco legal da cooperación galega para o desenvolvemento, realizaranse as propostas de corrección do desenvolvemento regulamentario da lei 3/2003, como é a mellora na xestión do Rexistro de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento (actualización de datos, firma telemática...). Así mesmo, buscaranse melloras na instrumentalización das axudas (novo proxecto de Lei de Subvencións: avais, documentación xustificativa...).

Como se reflicte no Plan Director, o pulo á cooperación para o desenvolvemento debe ir acompañado dun aumento de recursos humanos e técnicos especializados dentro da propia administración que permita xestionar o orzamento asignado, e mesmo a realización de actuacións directas.

4.- MEDIOS DE ACTUACIÓN

A disposición de fondos públicos como medio básico para o fomento das actuacións de cooperación para o desenvolvemento, establécese no artigo 13 da Lei 3/2003 como Medio para facer efectivos os Instrumentos de cooperación. Neste senso definiremos os tipos principais, coas modificacións propostas en aras da consecución da coherencia cos obxectivos plantexados, e coas prioridades sectoriais e xeográficas que o Plan Director define e que aquí recordamos:

PRIORIDADES SECTORIAIS:

- Cobertura das necesidades sociais básicas (horizonte do 20%)
- Infraestrutura e promoción do tecido económico (sostibilidade, transferencia tecnolóxica, nos sectores económicos nos que Galicia aporta un “máis valor”)
- Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno
- Investimento no ser humano (dereitos básicos, empoderamento)
- Defensa do medio ambiente (sustentabilidade ambiental)
- Axuda humanitaria e de emerxencia
- Sensibilización social e educación para o desenvolvemento
- Consolidación e fortalecemento Axentes Cooperación
- Sectores do CAD non adscritos ós anteriores

PRIORIDADES XEOGRÁFICAS:

- **África:** Angola, Cabo Verde, Guinea Bissau, Mauritania, Mozambique, Namibia e Senegal (7 países).
- **América do Sur:** Bolivia, Ecuador e Perú (3 países).
- **Caribe:** Cuba, República Dominicana e Haití (3 países)
- **América Central:** Guatemala, O Salvador, Honduras e Nicaragua (4 países).

Mención especial, tendo en conta as relacións de solidaridade e débeda histórica que moitos sectores e persoas da sociedade galega manteñen coa **poboación dos campamentos saharais**, prestaraselle especial atención.

4.1. Convocatoria de axudas a proxectos de ONGDs no exterior

Dende a consideración do papel esencial que as ONGD desempeñan non só como xeradoras de conciencia cidadá en torno aos valores da cooperación, senón tamén como promotoras e xestoras de intervencións de desenvolvemento, a convocatoria de co-financiamento de proxectos de desenvolvemento de ONGDs é un dos principais medios de xestión da cooperación galega. A través deste instrumento dáse apoio ás ONGDs a través de subvencións ós proxectos de desenvolvemento presentados a concurso.


A convocatoria de 2006 pretende levar a efecto os principios, prioridades e obxectivos da axuda definidos no Plan Director. Na convocatoria establécese o tipo de cooperación que se entende é necesario promover. Os cambios introducidos na valoración dos proxectos que se presenten na convocatoria deste ano son os seguintes:

- **Montos:** Nos proxectos presentados individualmente, pásase dun financiamento máximo de 125.000 € a 140.000 € (incremento dun 12%). Nos proxectos presentados en consorcio, pásase dun financiamento máximo de 300.000 a 350.000 euros (incremento dun 16,7%).
- **Porcentaxes:** Nos proxectos presentados individualmente, mantense o financiamento máximo do 90% do importe do mesmo; e discrimínanse positivamente os proxectos presentados en consorcio, ata o 95% do importe total do mesmo.
- Contribución da ONGD solicitante ó **fomento** do sector galego de cooperación.
- Valoración positiva da existencia de **plans estratéxicos**.
- Valoración positiva da **orientación a cumprimento de obxectivos** (impactos medibles -indicadores- evaluacións intermedias).
- Valoración positiva do desenvolvemento do proxecto en países **P.M.A.**

En canto a prazos se refire, mantense o carácter plurianual en dous anos.

Todas as ONGD que soliciten as subvencións deben estar inscritas no Rexistro Galego de ONGD, creado pola Consellería de Presidencia e Administración Pública cun mínimo dun ano de antelación á publicación da convocatoria.

A dotación global para este medio ó longo do 2006 é de **3.100.000** euros (inclúese a anualidade correspondente a 2007 da convocatoria do ano 2006, como nos anos precedentes), este importe supón un **incremento do 12,7 %** dos recursos respecto os xestionados a través de esta convocatoria no ano precedente.




4.2. Convocatoria de axudas a proxectos de universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos e comunidades galegas no exterior

A convocatoria de co-financiamento para proxectos de desenvolvemento promovidos por Universidades, empresas e sindicatos é un instrumento que permite integrar na política de axuda ós axentes da cooperación galega, distintos das ONGDs. Preténdese con iso proporcionar a todos os axentes do sistema de cooperación os recursos axeitados para que poidan despregar as súas iniciativas en

materia de axuda para o desenvolvemento e de loita contra a pobreza. No caso particular das empresas, recóllense as indicacións formuladas no Plan Director, no sentido de primar proxectos de economía social e que establezan códigos de responsabilidade social corporativa.

A dotación orzamentaria desta Orde para 2006 ascende a **1.150.000** de euros, importe que supón unha **diminución do 19,3%** respecto do asignado á convocatoria do ano precedente. No 2005, un 25% dos fondos destináronse á financiación de proxectos de carácter asistencial presentados a concurso polas comunidades galegas no exterior. Coa convicción de que o financiamento deste tipo de proxectos debería de vehiculizarse a través do departamento competente en materia de emigración, na convocatoria do 2006 as comunidades galegas no exterior, como axente da cooperación recoñecido na Lei galega de cooperación para o desenvolvemento, poderán presentar a concurso proxectos de economía social e fortalecemento do tecido produtivo que favorezan o desenvolvemento do país, así como proxectos que promovan a igualdade de oportunidades e defensa dos grupos de poboación máis vulnerables.




4.3. Convocatoria de axudas para actividades formativas e de sensibilización

Sendo a sensibilización un dos obxectivos prioritarios da acción da Xunta de Galicia para o ano 2006, na convocatoria de axudas para actividades formativas e de sensibilización introdúcense as seguintes novidades:

- Amplíase a duración dos proxectos a dous anos, coma no resto das convocatorias.
- Nos proxectos en consorcio, pásase dun financiamento máximo de 21.000 € por proxecto, a 35.000 €; os individuais manteñen un máximo de 15.000 € por proxecto.
- Valorarase positivamente a existencia de estratexia de formación e sensibilización do propio axente solicitante.
- Valorarásese a inclusión de temas de Comercio Xusto e Consumo Responsable.

Durante 2006 a dotación financeira desta convocatoria elévase a **325.000** euros, o que supón un **44 % de incremento**.




4.4. Convocatoria de axudas para a consolidación e fortalecemento de ONGDs

As ONGDs desempeñan un papel esencial como promotoras e xestoras de intervencións de desenvolvemento así como xeradoras de conciencia cidadá en torno aos valores da cooperación. Os recentes resultados amosados polo Informe Cero do Sector das ONGDs en Galicia poñen de manifesto certas debilidades neste sector, sendo neste contexto onde se encadra esta convocatoria que establece un mecanismo financeiro de apoio ós procesos de consolidación técnica e organizacional das ONGDs galegas. As modificacións previstas para o ano 2006, respecto á convocatoria precedente son:

- **Montos:** Nos proxectos presentados individualmente, pásase dun financiamento máximo de 15.000 € a 25.000 € (incremento dun 67% no máximo). Nos proxectos presentados en consorcio pásase dun máximo de 25.000 a un máximo de 40.000 € (incremento dun 60%) .
- **Prazos:** Establécese o carácter plurianual en dous anos.
- Valoraránse especialmente os estudos organizativos, de mellora da calidade, e de realización de **plans estratéxicos**.
- Os gastos de material de oficina, non poderán exceder do 5% do importe da subvención.

Para esta liña de subvencións, a dotación global para 2006 é de **270.000** euros (inclúese a anualidade correspondente a 2007 da convocatoria do ano 2006), o que supón un **incremento do 20,5%** respecto os fondos utilizados en 2004.



4.5. Convocatoria de Crises e Conflictos Esquecidos

A xestión da axuda humanitaria ou de emerxencia, que se realizará a través da Fundación de Axuda Humanitaria de Galicia, non pode articularse vía convocatoria. Porén, a convocatoria de 2005 relativa a axudas de carácter humanitario ou de emerxencia redefínese para financiar actuacións nas crises e conflitos esquecidos. Tratarase dunha convocatoria aberta, ascendendo a 210.000 € (un incremento do 5% respecto a anterior convocatoria).

4.6. Cooperación Directa: Convenios, Plan Operativo Xunta AECI e Bolsas

Os convenios configúranse como o instrumento para articular as intervencións directas en materia de cooperación dos diversos departamentos da Xunta de Galicia, para establecer relacións de colaboración con outras institucións, afrontar situacións de certa complexidade que poden redundar nunha elevación da

calidade da nosa cooperación, e tamén para a realización de actividades que non sexan acollidas polas diversas convocatorias públicas. O seu formato é o dun acordo bilateral con distintas entidades (institucións, organismos internacionais, empresas, universidades, ONGDs etc.) seleccionadas pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior pola súa pertinencia para a execución das actividades específicas a levar adiante.

O orzamento que se destina a este apartado será de 1.700.000 €, a repartir entre: Convenios Directos, Plan Operativo Xunta – AECI 2006 e Bolsas de Formación.

No momento de elaboración deste Plan, está previsto a sinatura de convenios coas seguintes entidades:

- Axencia Humanitaria de Galicia.
- Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (FOGACOSOL).
- Coordinadora Galega de ONGs para o Desenvolvemento.
- Universidades galegas.

Seguindo os principios de fortalecer a coordinación entre os actores da axuda, a Xunta de Galicia estableceu un marco de colaboración coa Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI), que ten a súa tradución nun Convenio Marco asinado en xullo de 1998. A partir do Convenio créase unha Comisión de Coordinación e Seguimento, formada por dous representantes de cada unha das partes, que ten como misión propoñer e aprobar as iniciativas anuais que van ser obxecto de colaboración. O propósito desta iniciativa é complementar as capacidades e especializacións relativas de cada unha das institucións.

O Plan Operativo conformase a través das peticións que nas diferentes comisións mixtas cos países en desenvolvemento, os seus propios representantes establecen. O proceso está en plena negociación; se ben pode destacarse que a maior parte das peticións recibidas refírense o sector pesqueiro e medioambiental, e a temas maiormente de formación, transferencia de coñecementos e tecnoloxía.

A Dotación aproximada será duns **650.000 €**, o que supón un leve incremento, do 2,52 %, respecto o Plan Operativo do ano anterior; se ben, o ano pasado este Plan significou o 10,23% do orzamento, e este ano implica un compromiso do 9,70%.

Así mesmo a Xunta de Galicia sigue a desenvolver, conxuntamente coa AECI, un Proxecto de Apoio á Formación Profesional dos Pescadores e Acuicultores Artesanais en Centroamérica. Este proxecto enmárcase dentro do Programa de Cooperación Rexional con Centroamérica en materia de pesca e acuicultura posto en marcha por ambas institucións, ten carácter plurianual, do 2004 ó 2009 e desenvólvese no Centro de Formación da Cooperación Española en A Antigua (Guatemala).

Durante o ano 2006, manteñense as convocatorias de bolsas de formación e especialización de anos anteriores, tanto nos países en vías de desenvolvemento como en Galicia. No 2006, a Xunta de Galicia concederá 2 bolsas de formación de expertos en cooperación internacional para o desenvolvemento na Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia, e outras dúas en Oficinas Técnicas de Cooperación da AECI; se ben, xa se tramitou solicitude para poder incrementar este tipo de bolsas a cinco, se fose posible, ubicaríanse catro bolseiros en OTC de América Latina, e un bolseiro nunha OTC da África Subsahariana, coincidindo coas zonas prioritarias da cooperación galega.

5.- ORZAMENTO

Nos Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia aprobados para o 2006, a dotación destinada para cooperación para o desenvolvemento, ascende a 6.698.079 euros, importe que representa un incremento do 8,06 % sobre o 2005.

Este monto total distribuirase da seguinte forma:

- un 70,87% destinarase ás convocatorias públicas de axudas dirixidas a proxectos de cooperación no exterior (ONGDs, outros axentes e crises e conflitos esquecidos), de sensibilización e educación, e de consolidación e fortalecemento de ONGDs.
- un 15,70% destinarase ó co-financiamento de proxectos de cooperación, de formación e de sensibilización, a través da subscrición de convenios con entidades (principalmente institucións), galegas e do exterior.
- un 9,70% destinarase ó financiamento de proxectos conxuntos coa AECI a través do Plan Operativo Xunta-AECI 2006.
- Un 3,73% destinarase a outras actividades de difusión da cooperación galega: páxina web, campaña de comunicación, publicacións, avaliacións etc.